



PROPOSTAS DENDE A BIBLIOTECA
SEMANA DO LIBRO CURSO 2023 – 2024



PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE ÁLBUM LITERARIO

A idea


- Dado que estamos nun proceso de renovación dos espazos e do concepto da nosa biblioteca (con limitacións importantes xa que está situada nun corredor do edificio histórico), temos que ser creativos para que esta teña unha presenza importante no centro.
- Así, neste curso, xorde no equipo de biblioteca a posibilidade de deseñar un álbum literario para cada curso como unha actividade transversal de animación á lectura.

Álbum literari




CEIP Curros Enríquez

5º de primaria



En que consiste o proxecto?

- Queremos que haxa un álbum en cada curso partindo de 6º de Primaria e chegando a 6º de Educación Infantil.
- O equipo de biblioteca, contando coa colaboración dos titores, seleccionará un total de 40 obras para cada curso de 4º, 5º e 6º de Primaria e 24 libros para cada curso de 3º, 2º, 1º de Primaria e 6º de Infantil.
- En cada álbum haberá unha selección de obras moi variadas tocando temas como: inclusión, aprender a pensar, poesía, teatro, cómic, manga, historia, educación afectivo-sexual, arte ciencia, inglés, álbum ilustrado, acoso escolar, ciencia, libros de enigmas...
- O álbum leva o nome de cada alumn@ na portada.
- Participan tamén o alumnado e as familias escollendo dúas obras de cada álbum.
- Cada libro ten un número que sinala o nivel lector (inicial, medio ou avanzado), e outro que marca o grao de lectura recomendada (aceiro, bronce, prata e ouro). Estas cifras súmanse e dan lugar á puntuación total. Con isto poden xogar entre eles cos cromos.



Que pretendemos co proxecto?

- Queremos fixar itinerarios lectores dende Infantil ata 6º de Primaria. O álbum é unha suxerencia de lecturas seleccionadas con moito mimo por parte do equipo. Pode serlle de axuda aos titor@s e pensamos que vai ser algo motivador para o alumnado.
- Poñeremos na nosa web a disposición doutros centros os formatos dos cromos e do álbum por se quixeran aproveitalos.

Como funciona?



- O equipo de biblioteca elaborará os álbumes e os cromos que pasarán a disposición dos titor@s.
- Con cada libro que lea o alumn@ recibirá un cromo.
- Os grandes lectores (pensamos en 30 libros para 4º, 5º e 6º e 15 para 1º, 2º e 3º), recibirán o cromo-diploma outorgado por "CURRIOSO", que é a mascota da nosa biblioteca.

Cando empezamos?

- Xa. O luns 29 de abril entregaremos os primeiros álbumes ao alumnado de 5º de Primaria. No que resta de curso pensamos ter listo o álbum de 4º e o resto irá pouco a pouco, xa que o proceso de selección das obras e a posterior elaboración de cromos e álbumes é laborioso.

Este diagrama representa o álbum literario "FUME". No canto superior esquerdo, aparece o logotipo do CE (Centro Escolar) de Ourense. A parte superior central mostra "ÁLBUM LITERARIO" e "5º P" dentro de botóns, con o número "24" a dereita. O título "FUME" está no centro. Debaxo do título, hai unha imaxe do libro "Fume" de Julia Ferrás e Jesús González, publicada por OQO Editora. Abaixo da imaxe, hai información sobre a editora ("ED: OQO EDITORA") e o xénero ("XEN: ÁLBUM ILUS."). A linguaxe "GALEGO" e o nivel "NLE: MEDIO" están tamén especificados. Na parte inferior, un fluxo de información mostra "OURO" (en un botón amarelo), "LR=10", "NLE= 5" e finalmente o número "15".

Este diagrama representa o álbum literario "EN TU PIEL". No canto superior esquerdo, aparece o logotipo do CE (Centro Escolar) de Ourense. A parte superior central mostra "ÁLBUM LITERARIO" e "5º P" dentro de botóns, con o número "19" a dereita. O título "EN TU PIEL" está no centro. Debaxo do título, hai unha imaxe do libro "EN TU PIEL" de Emmanuel Bouvardier, publicada por Takatuka. Abaixo da imaxe, hai información sobre a editora ("ED: TAKATUKA") e o xénero ("XEN: INCLUSIÓN"). A linguaxe "CASTELÁN" e o nivel "NLE: AVANZADO" están tamén especificados. Na parte inferior, un fluxo de información mostra "BRONCE" (en un botón amarelo), "LR=6", "NLE= 7" e finalmente o número "13".

poesía	álbum ilustrado	manga
ciencia		teatro
libro informativo		english books
arte		novela
cómic		libro das familias
historia	<div data-bbox="517 1274 1070 2119" style="border: 2px solid black; padding: 10px; text-align: center;"> <p>CURRIOSO</p>  <p>MASCOTA DA BIBLIOTECA DO CEIP CURROS ENRÍQUEZ</p> <p>OUTORGA ESTA DISTINCIÓN</p> <p>AO ALUMN@: XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX</p> <p>CROMO DE GRAN LECT@R</p> </div>	inclusión
libro silente		música
educación sexual		libro reto
acoso escolar		aprender a pensar